

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	ROIS
Edificio	Igrexa de San Martiño de Hermedelo
Dirección	Lugar da Igrexa, s/n. 15828
	42.807784 -8.752189
Protección	
Descrición	Igrexa de planta de cruz latina con sancristía acaroado ao lado norte, construída no século XVIII e de estilo neoclásico, aínda que podemos ver elementos de típica adscrición ao barroco coma a ornamentación dos laterais da porta con molduras e orelleiras, fornelo sobre a porta principal e espadana semellante a outras igrexas do mesmo estilo. Dúas imaxes en alto-relevo flanquean a porta principal e outras máis pequenas na porta que dá a sancristía no lado norte. Na fachada e dentro dunha fornela vemos a imaxe de San Martiño de Tours e enriba desta unha ventá cadrada dá luz ao interior do templo. Espadana de dous ocos con arcos para as campás e balaustrada na parte inferior que remata en edículo con oco e pináculo de bóla na cima, dúas grandes cornixas voadas separan os corpos e van adornadas con pináculo piramidais nos extremos. Hai un reloxo de Sol na esquina da fachada cara o muro sur. A carón dela hai unha pequena carballeira cunha fonte.
Campás	2 Campás.
Fotos	4
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	Bó.
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	27-05-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Maior.	OCAMPO, MELCHOR (ARCOS DA CONDESA)	1904		
Espadana	Menor.	OCAMPO, MELCHOR (ARCOS DA CONDESA)	1904		

Información completa: [Igrexa de San Martiño de Hermedelo - ROIS \(GALICIA\)](#)

